

UNIDADE 10. ACTIVIDADES DE REPASO.

Composición da lexión

Romāni legiōnes habent in quibus sex milia peditūm* gravis armatūrae militānt. Sunt autem in una legiōne decem cohortes, sed prima cohors reliquas praecēdit, nam servat aquilam, quae est totius legiōnis insigne. Legionibus semper auxilia levis armatūrae in acie iunguntur.

(*) Xenitivo partitivo: indica o todo do que se toma unha parte. **Sex milia peditum** seis mil soldados de infantaría.

Texto adaptado de Vexecio, *Sobre a arte da guerra*.

1.

- a) Indica os cambios que Mario introduciu no exército romano.
- b) En que consistía o armamento dun soldado durante a Monarquía?

NOTA: para realizar os seguintes exercicios é necesario utilizar o vocabulario.

2.

- a) Forma o comparativo de superioridade do adxectivo **gravis**, **grave**. Declínoo.
- b) Forma o participio de presente do verbo **venio**, **venis**, **venīre**, **veni**, **ventum** e declínoo.

3.

- a) Separa as oracións do texto e analiza morfosintacticamente os seus elementos.
- b) Traduce o texto.

4.

- a) Sinala a evolución fonética das seguintes palabras latinas:
domīnum, vineam, tam magnum, cuneum.
- b) Busca palabras castelás derivadas dos seguintes verbos: **duco, mitto, ago.**
- c) Une as expresións latinas co seu significado correcto:

1 sui generis	.	a voz do pobo (rumor estendido)
2 vade mecum	.	con encomio
3 vale	.	da súa propia clase (especial)
4 verbi gratia	.	que o pases ben
5 vox populi	.	por exemplo
6 honoris causa	.	camiña comigo (manual básico)
7 cum laude	.	por honra (honorífico)

SOLUCIONARIO

Composición da lexión

Romāni legiōnes habent in quibus sex milia peditūm* gravis armatūrae militānt. Sunt autem in una legiōne decem cohortes, sed prima cohors reliquas praecēdit, nam servat aquilam, quae est totius legiōnis insigne. Legionibus semper auxilia levis armatūrae in acie iunguntur.

(*) Xenitivo partitivo: indica o todo do que se toma unha parte. **Sex milia peditum** seis mil soldados de infantaría.

Texto adaptado de Vexecio, *Sobre a arte da guerra*.

1. a) Indica os cambios que Mario introduciu no exército romano.

Mario introduciu cambios no exército romano que tiveron grande importancia:

Profesionalizou o exército. O recrutamento deixou de ser obrigatorio para converterse en voluntario. Por primeira vez os **proletarii** formaron parte do exército.

Aínda que mantivo a lexión como unidade militar, ampliou o número dos seus compoñentes que chegaron a ser seis mil fronte aos catro mil douscentos anteriores. Ademais para solucionar o problema da fragilidade do manipulo, substituínos pola **cohorte***, unidade táctica máis segura ao estar formada por tres manipulos. Deste modo, a lexión constou de seis mil homes distribuídos en dez cohortes e en trinta manipulos.

Mario mantivo as tres liñas ideadas por Camilo, **hastati**, **principes** e **triarii**, pero formada por cohortes en vez de por manipulos.

Por último, reorganizou as tropas auxiliares que loitaban xunto ás lexións e, sobre todo, unificou as súas armas. A partir deste momento, todos os soldados levaban o **pilum**, dardo arreboladizo, máis curto que a lanza, **hasta**, co que facían verdadeiros estragos entre as filas inimigas. Igualmente portarán espada, **gladius**.

Entre as armas defensivas seguíase utilizando o escudo, **scutum**, o material do cal e a forma sufriron continuas modificacións. Tamén se empregou a coiraza, que podía ser de coiro ou metálica, ao igual que as grebas.

b) En que consistía o armamento dun soldado durante a Monarquía?

Nos primeiros tempos o exército estaba formado soamente polos patricios, pois só estes, que constituían a clase privilexiada, podían pagar o seu armamento. Era de bronce e de ferro, non gardaba uniformidade algunha, aínda que constaba polo xeral de armas ofensivas: a lanza, **hasta**, cuxa punta de ferro se xeneralizou moi cedo, e a espada longa, **gladius**, e armas defensivas: a coiraza, as grebas e o escudo de bronce, **clipeus**.

NOTA: para realizar os seguintes exercicios é necesario utilizar o vocabulario.

2. a) Forma o comparativo de superioridade do adxectivo **gravis**, **grave** e declínao.

CASO	SINGULAR		PLURAL	
	Masc.- Femin.	Neutro	Masc. -Femin.	Neutro
Nominativo	gravior	gravius	graviōres	graviōra
Vocativo	gravior	gravius	graviōres	graviōra
Acusativo	graviōrem	gravius	graviōres	graviōra
Xenitivo	graviōris	graviōris	graviōrum	graviōrum
Dativo	graviōri	graviōri	gravioribus	gravioribus
Ablativo	graviōre	graviōre	gravioribus	gravioribus

b) Forma o participio de presente do verbo **venio**, **venis**, **venīre**, **veni**, **ventum** e declínao.

CASO	SINGULAR		PLURAL	
	Masc.- Femin.	Neutro	Masc. -Femin.	Neutro
Nominativo	veniens	veniens	venientes	venientia
Vocativo	veniens	veniens	venientes	venientia
Acusativo	venientem	veniens	venientes	venientia
Xenitivo	venientis	venientis	venientium	venientium
Dativo	venienti	venienti	venientibus	venientibus
Ablativo	veniente/i	veniente/i	venientibus	venientibus

3. a) Separa as oracións do texto e analiza morfosintacticamente os seus elementos.

| Romāni legiōnes habent [in quibus sex milia pedītum gravis armatūrae militānt]. | Sunt autem in una legiōne decem cohortes, | sed prima cohors reliquas praecēdit, | nam servat aquilam, [quae est totius legiōnis insigne]. | Legionibus semper auxilia levis armatūrae in acie iunguntur. |

Romāni legiōnes habent
Suxeito Cto. Directo V

Romāni: nominativo plural masculino de **Romānus, Romāna, Romānum**. Adxectivo substantivado. Función: Suxeito.

legiōnes: acusativo plural de **legio, legiōnis**. Función: Cto. directo.

habent: 3ª pers. do plural do presente de indicativo do verbo **habeo**.

in quibus sex milia pedītum gravis armatūrae militānt
Cto. circunst. Suxeito Xenitivo partitivo Cto. determinat. V

in: preposición de ablativo. Forma co relativo **quibus** un Cto. circunstancial.

quibus: ablativo plural de **qui, quae, quod**. Introduce unha oración subordinada de relativo. O antecedente é **legiōnes**, con cal concerta en xénero (fem.) e en número (plural).

sex: numeral indeclinable. Vai con **milia** (en función de suxeito).

milia: nominativo plural neutro do numeral **mille**. Función: suxeito.

pedītum: xenitivo plural de **pedes, pedītis**. Función: xenitivo partitivo.

gravis: xenitivo singular de **gravis, grave**. Concerta en xénero, número e caso con **armatūrae** e ten a mesma función (Cto. determinativo).

armatūrae: xenitivo sing. de **armatūra, armatūrae**. Función: Cto. determinativo.

militānt: 3ª persoa plural do presente de indicativo do verbo **militō**.

Sunt autem in una legiōne decem cohortes,
V Conn. Cto. circunstancial Suxeito

Sunt: 3ª persoa plural do presente de indicativo do verbo **SVM**.

autem: conxunción adversativa.

in: preposición de ablativo. Forma Cto. circunstancial con **una legiōne**.

una: ablativo singular feminino de **unus, una, unum**. Concerta en xénero, número e caso con **legiōne**, con quen forma Cto. circunstancial.

legiōne: ablativo singular de **legio, legiōnis**. Función: Cto. circunstancial.

decem: numeral indeclinable. Con **cohortes** fai de suxeito.

cohortes: nominativo plural de **cohors, cohortis**. Función: suxeito.

sed prima cohors reliquas praecēdit,
Suxeito C. Directo V

sed: conxunción adversativa.

prima: nominativo singular feminino de **primus, prima, primum**. Concerta en xénero, número e caso con **cohors**. Función: suxeito.

cohors: nominativo singular de **cohors, cohortis**. Función: suxeito.

reliquas: acusativo plural feminino de **reliquus, reliqua, reliquum**. Adxectivo substantivado. Función: Cto. directo.

praecēdit: 3ª persoa singular do presente de indicativo do verbo **praecēdo**.

nam servat aquilam,
Conn. V Cto. directo

nam: conxunción explicativa.

servat: 3ª persoa singular do presente de indicativo do verbo **servo**.

aquilam: acusativo singular de **aquila, aquilae**. Función: Cto. directo. É o antecedente de **quae**.

quae est totius legiōnis insigne
Suxeito V Cto. determinativo Atributo

quae: nominativo singular feminino de **qui, quae, quod**. Introduce a oración de relativo. O antecedente é **aquilam**.

est: 3ª persoa singular do presente de indicativo do verbo **sum**.

totius: xenitivo singular de **totus, tota, totum**. Concerta en xénero, número e caso con **legiōnis**, e ten función de Cto. determinativo.

legiōnis: xenitivo singular de **legio, legiōnis**. Función: Cto. determinativo.

insigne: nominativo singular de **insigne, insignis**. Función: atributo.

<u>Legionibus</u>	<u>semper</u>	<u>auxilia</u>	<u>levis armaturae</u>	<u>in acie</u>	<u>iunguntur</u>
Cto. indirecto	Adv.	S. paciente	Cto. determinat.	Cto. circumst.	V

Legionibus: dativo plural de **legio, legionis**. Función: Cto. indirecto.

semper: adverbio.

auxilia: nominativo plural de **auxilia, auxiliōrum**. Función: suxeito paciente.

levis: xenitivo singular de **levis, leve**. Concerta en xénero, número e caso con **armaturae**, e ten a mesma función sintáctica: Cto. determinativo.

armaturae: xenitivo singular de **armatūra, armaturae**. Función: Cto. determinativo.

in: preposición de ablativo. Vai con **acie**.

acie: ablativo singular de **acies, aciei**. Función: Cto. circunstancial.

iunguntur: 3ª persoa do singular do presente de indicativo pasivo de **iungo**.

b) Traduce o texto.

Os romanos teñen lexións, nas que militan seis mil soldados de infantaría de armamento pesado. Por outra banda, nunha lexión hai dez cohortes, pero a primeira cohorte precede as demais, pois conserva a aguia, que é a insignia de toda a lexión. As lexións sempre se unen no combate tropas auxiliares de armamento lixeiro.

4.

a) Señala a evolución fonética das seguintes palabras latinas:

domīnum > gal. *dono* / cast. *dueño*. O **m** final desapareceu. O **ō** tónico mantívose en galego e ditongou en **ue** en castelán. O **ī** postónico caeu, dando lugar ao grupo **-mn-**, que, posteriormente evolucionou a **n** en galego e **ñ** en castelán. O **-u** final evolucionou a **o**.

domīnum > **dominu** > **domnu** > **domnu** > **domno** > *dono* / *dueño*

vineam > *viña*. O **m** final desapareceu e o grupo **-ne-** seguido de vogal evolucionou a **ñ**.

tam magnum > *tamaño*. As dúas palabras evolucionaron xuntas. Na súa evolución fonética producíronse os seguintes cambios: perda do **m** final. Apertura do **u** final en **o**. Simplificación das xeminadas **-mm-** e palatalización en **ñ** do grupo **-gn-** seguido de vogal.

tammagnum > **tammagnu** > **tammagno** > **tamagno** > *tamaño*.

cuneum > *cuño*. O **m** final desapareceu. O **u** final abriuse en **o**, e o grupo **-ne-** seguido de vogal palatalizou dando lugar ao **ñ**.

b) Busca palabras galegas derivadas dos seguintes verbos:

de **duco, ducis, ducēre, duxi, ductum** *guiar*: dúctil, ductilidade, condución, conduta, conduto, dedución, deducir, educación, educar, inducir, indutivo, redución, reducir, reduto.

de **mitto, mittis, mittēre, misi, missum** *enviar*: mísil, misión, misiva, remiso, remitente, remitir.

de **ago, agis, agēre, egi, actum** *facere*: axencia, axenda, axente, acción, accionar, actividade, activo, actor, actual, actualidade, actualizar, actuar, reacción, reactor.

c) Une as expresións latinas co seu significado correcto:

1 sui generis	5 <i>a voz do pobo (rumor estendido)</i>
2 vade mecum	7 <i>con felicitación</i>
3 vale	1 <i>da súa propia clase (especial)</i>
4 verbi gratia	3 <i>que o pases ben</i>
5 vox populi	4 <i>por exemplo</i>
6 honoris causa	2 <i>camiña comigo (manual básico)</i>
7 cum laude	6 <i>por honra (honorífico)</i>